

## ACHEGA Á TOPONIMIA MENOR DA PARROQUIA DE ATÁN (SANTO ESTEVO) (PANTÓN - LUGO)

Rut Vázquez González  
*Técnica do Proxecto Toponimia de Galicia*

### Introdución

O curso do Miño desde o val de Lemos preto do seu encontro nos Peares co Sil, atravesa montes suaves que o encaixan dando lugar a vertentes abruptas. Neste terreo atopamos Atán, parroquia ribeirá do concello de Pantón, obxecto do noso estudo. Achezámonos ó coñecemento desta terra a través da recolleita e descripción da súa toponimia menor. Os nomes das súas leiras, camíños, montes, penedos, construccions, fontes... identifican cada lugar da parroquia na vida cotiá dos seus habitantes. Ademais, a través da microtoponimia rexistrada vemos as características xeográficas e naturais do terreo, así coma a actividade humana e a historia que o foron configurando.

Atán pertence ó concello de Pantón situado no Suroeste da provincia de Lugo, lindando con Ourense. Está situada no Suroeste do concello, o Miño sérvelle de fronteira natural polo Oeste e as parroquias de Vilar de Ortelle (polo Norte), Eiré, Següín e San Fiz de Cangas (polo Leste) e Pombeiro<sup>1</sup> (polo Sur) constitúen os seus lindes territoriais. Un dos restos arquitectónicos conservados na actualidade que testemuñan a antigüidade desta parroquia é a súa igrexa. Na Idade Media documéntanse os primeiros testemuños escritos que falan do mosteiro de Santo Estevo de Atán, nun privilexio datado no 841 polo que Afonso II doa esta construción e o seu terreo á catedral de Lugo e ó seu bispo Froilán. Nesta época, Atán aparece coma un dos asentamentos monásticos que van proliferar ó longo das riberas do Miño e do Sil. Do esplendor do mosteiro medieval na actualidade só se conserva a igrexa románica dunha nave, ábsida rectangular e ventás con arcos de medio punto, reparada recentemente, ademais dalgún topónimo que recorda a súa anterior función: *As Celas*, *San Pedro*. Pero outros nomes de lugar coma *A Mota*<sup>2</sup> ou *A Modorra*, indicios de enterramentos megalíticos, remontan as orixes do terreo estudiado á época prehistórica.

Rut Vázquez González

---

A paisaxe actual de Atán está conformada por montes, penedos e vexetación baixa que se suceden por entre pequenas depresións, regatos, fontes e camiños e descendente cunha pendente moderada por terreos de labranza, aldeas, vales de vexetación autóctona e calzadas de viñedo cara ó Mifio. Mostra disto son os nomes que recibe parte da xeografía descrita: *A Costa* (monte); *A Pena Bicuda, A Peniña Parda* (penedos), *O Uzal* (matogueira); *A Gargantiña, A Regata do Val, A Regata Grande* (depresións); *O Regato da Regueira, O Regato Pequeno* (regatos); *A Fonteñía, A Fontefría* (fontes); *O Camiño da Presa, O Camiño de Misa* (camiños); *O Tarro Novo, A Leira do Arximil* (terras de labranza); *Atán, Freán, Pesqueiras* (aldeas); *O Val do Carballo, A Devesiña* (vexetación); *Viñés, Viñas do Rego* (viñedo).

A vexetación que se atopa neste marco está bastante degradada pola acción do home na busca de terreos para a explotación agrícola. De al que a paisaxe orixinal quede restrinxida a algunas zonas onde áinda se conservan especies arbóreas autóctonas coma o carballo, o cerquiño, o piñeiro e o castiñeiro. De novo, a toponimia testemuña a existencia destas árbores en zonas concretas do territorio –áinda que nalgúns casos desaparecerá a vexetación descrita na zona ou só quede algúnhha pegada: *O Carballo, A Carballeira, O Reboreda* (hoxe lameiro), *O Piñeiro*. Dos arbustos ocupa grandes extensións a uz, á que fai referencia algún topónimo: *O Uzal* (monte). O clima pódese definir coma oceánico continental pola falta da acción suavizadora do mar e a protección das serras, cunha temperatura media anual de 13ºC e precipitacións débiles con respecto á media galega.

Atán é unha parroquia de extensión media dentro do concello de Pantón e conta con 122 habitantes (INE:1996) distribuídos nos lugares de: Albarde, Cabo de Vila, Cima de Atán, Freán, Pesqueiras, Prado, Reiriz, Salgueiros, Segade, Seoane e Souto. Esta poboación ocupa o terreo dun xeito disperso e ten unha taxa de crecimiento negativo, xa que sofre os efectos da emigración desde comezos do século XX, incrementándose na década dos 70 ata actualidade. Como consecuencia, a parroquia vai quedando despoboada, e cunha media de idade entre os seus habitantes cada vez máis alta. Mostra disto é a situación de lugares coma *A Aldea de Baixo* (parte deshabitada do lugar de *Pesqueiras*), ou o abandono do antigo edificio da escola (no mesmo lugar). A principal actividade económica da parroquia é a agricultura, sobre todo, a viticultura, o cereal, a pataca e a horta. É unha explotación agrícola minifundista, a propiedade e o traballo da terra están moi fragmentados, de al a abundancia de topónimos rexistrados que fan referencia a cada anaco de terra: *O Agro, A Aira, Os Campiños, O Limpadoiro....* Son frecuentes os topónimos que designan terras de labranza co xenérico común na zona, *tarreo*: *O Tarro do Castellano, O Tarro Novo, Os Tarreos da Picha...* Pero a actividade agrícola descende, coma consecuencia da situación económica e demográfica. Esta realidade aparece de novo confirmada no feito de que moitos dos denominados *tarreos* hoxe están a monte: *O Tarro Grande, Os Tarreos da Pena, Os Tarreos da Nogueira*. Ante esta situación de perda e envellecimiento da poboación faise urgente a recolleita do patrimonio toponímico polo risco da súa desaparición definitiva.

*Achega á toponimia menor da parroquia de Atán (Santo Estevo) (Pantón - Lugo)*

---

## 1. A toponimia menor de Atán

### 1.1. A recolleita

A descripción e análise da microtoponimia comeza co traballo de compilación dos nomes de cada lugar da parroquia. A toponimia menor da zona de Atán recolleuse a través do traballo de campo realizado entre os meses de xuño e xullo do 2002 nos principais núcleos de poboación da parroquia: Freán, Pesqueiras e Atán. Existen outras fontes das que se pode obter información topográfica: a cartografía de escala detallada, a documentación catastral, a documentación histórica ou, de xeito disperso, en estudos topográficos. Non obstante, a información que proporcionan estes materiais pode conter errores na transcripción dos nomes, non recoller todos os lugares, ofrecer nomes distintos que en realidade son só variantes para referirse a un mesmo lugar ou conter antigas denominacións que poden non coincidir coas actuais. O contacto directo co terreo e os seus habitantes resulta o método máis efectivo para coñecer a realidade inmediata dos topónimos. Ademais, a recolleita da microtoponimia a través dunha enquisa oral permite obter todo tipo de información e de primeira man; a súa pronuncia exacta -dato do que non dispomos nas fontes escritas-, a súa localización, o seu tipo xeográfico e as características naturais da paraxe, os distintos nomes cos que se coñece un lugar ou as historias e lendas asociadas ó nome. Todos estes datos poden constituir claves interpretativas para estudos posteriores sobre os topónimos. Por iso, se optou polo traballo directo de recolleita de toponimia na parroquia de estudo. A enquisa oral desenvolveuse seguindo a metodoloxía coa que traballa o *Proxecto Toponimia de Galicia*, que está baseada na experiencia desenvolvida polo seu grupo de técnicos de campo.

Nesta primeira fase da recolleita que inclúe case a totalidade do territorio de Atán –excepto a parte de monte pertencente ó lugar de Atán– rexistráronse preto de 300 topónimos. A preparación da enquisa realizouse a través dun primeiro recoñecemento do terreo sobre un dos núcleos da parroquia, Freán. Identificáronse algúns dos puntos de referencia máis significativos para a localización posterior dos topónimos, coa axuda dalgúns informantes do lugar. O mesmo tempo, recolleuse unha primeira listaxe dos topónimos da aldea sen precisar a súa localización exacta, ó fío dos nomes que nos proporcionaban espontaneamente os mesmos informantes.

Outra das fontes consultadas como referencia sobre o territorio foi o mapa topográfico 1: 25.000 do Instituto Xeográfico Nacional (IXN). Así e todo, non se obtiveron moitos topónimos –só algo máis de vinte-, fronte ós rexistrados na recolleita posterior.

A escolla dos informantes más apropiados que cumpriran os requisitos necesarios para o traballo, non resultou difícil por ser a parroquia da nosa familia paterna. Os parámetros para a selección axustáronse ás características que debe ter un bo informante: persoa de idade, cun bo coñecemento da zona e capacidade para orientarse no terreo. O coñecemento do enquisador e a curiosidade por saber do traballo favoreceu a boa disposición para colaborar na enquisa.

Rut Vázquez González

---

**As enquisas de recolleita realizáronse a través de:**

- Fotografías aéreas a escala 1: 5.000 e 1: 3.000<sup>3</sup>, sobre as que se localizaba e se acoutaba a extensión dos topónimos;
- Mapa topográfico 1: 25.000 do IXN como apoio;
- Caderno de campo onde se fan anotando os topónimos, co número asignado na foto, os trazos fonéticos significativos<sup>4</sup>, o tipo xeográfico, as variantes denominativas para un mesmo lugar e as anécdotas que se contaban ó redor deles.

Tentouse, sempre que foi posible, reunir a un grupo de persoas para realizar as enquisas. Así, os topónimos que fan saíndo xa se contrastaban entre o grupo dos informantes. A calidade da información asegurábase nunha soa enquisa, aínda que se debía traballar máis no aspecto de moderar e dirixir o grupo para obter os datos que nos interesaban. Durante a enquisa, o maior problema xurdía no momento de trasladar a realidade á fotografía aérea. A maioria dos informantes tiñan problemas para identificar a realidade sobre este plano. Por iso, a localización dos topónimos tivo que realizarse a través da identificación directa de cada topónimo sobre o terreo ou desde un punto do territorio onde fose posible ter unha visión en perspectiva dos topónimos que se fan rexistrando. Con este procedemento, a enquisa facíase máis lenta pero a recolleita resultou ser máis exhaustiva, xa que se puideron obter máis nomes a través da vista directa de cada parte dos lugares da parroquia.

Posteriormente, os datos recolleitos no caderno de campo e sobre a fotografía aérea pasáronse a dous tipos de fichas en papel –nos seguintes cadros–:

Ficha de topónimo coa información básica relativa ó topónimo,

Ficha de informante cos seus datos persoais e a avaliación sobre a información proporcionada.

O baleirado da información anotada no caderno de campo ás fichas de topónimo e informante serviu, ademais de para sistematizar os datos, para revisalos e detectar posibles fallas ou imprecisións no material recolleito. Deste xeito, en etapas sucesivas de traballo sobre o mesmo terreo pódese volver sobre os detalles que quedaron pendentes ou dubidosos. Unha vez cubertas as fichas en papel e precisada a información que conteñen, trasladáronse a formato electrónico, a unha base de datos, onde se recollen os mesmos campos cós das fichas en papel. A ficha dixital ademais de recoller toda a información rexistrada nas fichas de papel en menos espazo, permite ordenar, extraer e visualizar os datos automaticamente. Así, o seu manexo resulta máis áxil e lixeiro.

Achega á toponimia menor da parroquia de Atán (Santo Estevo) (Pantón - Lugo)

FICHA TOPÓNIMO		FICHA INFORMANTE		
<b>Nº topónimo.</b> Topónimo / Fonética (transcripción semifonética da forma oral: timbre das vogais tónicas de grao medio e e o, gheada e rotacismo)				
Tipo (tipo xeográfico correspondente ó topónimo)		Informante		
C.1 C.2 C.3 C.4 (coordenadas xeográficas)		Provincia	Concello	Parroquia N.º Infte.
Cuadrícula central		Individual		Grupo
Observacións		Nome do/a informante		
		Actividade		
		Lugar		Parroquia
		Concello		Anos residencia lugar
		Idade		
		Data da enquisa		Total topónimos
		Calidade do informante		
		Orientación: Malá	Regular	Boa
		Localización: Malá	Regular	Boa
		Información		
		Contrastada:		
		coincidencia		
		total	parcial	non coincidencia
		Non contrastada:		
		non menos 50%		máis 50%
		Observacións		

## 2. Caracterización e tipoloxía

### 2.1. Caracterización xeral

A toponimia menor da parroquia de Atán está constituída, maioritariamente por formas transparentes, isto é, apelativos comúns da lingua, que describen a realidade física do territorio. Entre os topónimos más frecuentes están:

- Os referidos ó terreo (orotopónimos): *A Lama, A Lamela, A Cavorca, A Costa, A Gargantiña, A Regata do Val*. Dentro deste tipo, son especialmente abundantes os nomes de penedos: *As Laxes, Os Tarreos da Pena, A Pena Bicuda, A Peniña Parda*.
- Os referidos á explotación da terra son os seguintes en frecuencia: *A Aira, As Leiras, A Peza, O Agro, O Campo, Os Tarreos da Aira, ...*
- Os microtopónimos vexetais (fitotopónimia), case igual de recorrentes cos anteriores, mostran cales son as especies arbóreas e os diferentes tipos de

Rut Vázquez González

---

planta propios do terreo. Rexístranse nomes referidos ás castes autóctonas más características: *A Carballera, O Carballo, O Reboredo, O Piñeiro, A Sobreira, O Souto, A Devesiña* pero tamén, aínda que con pouca frecuencia, outros referidos a árbores froiteiras: *Os Tarreos da Nogueira, A Pereira Negra* ou a arbustos e vexetación baixa: *O Carqueixal, A Regata de Xestal.*

Recolléronse tamén outros tipos de microtopónimos pero menos frecuentes dentro do noso corpus:

- Referidos a augas –hidrotopónimos–: *A Regueira, O Regato Pequeno, O Regueiro* e a fontes que recollen ou das que xorde auga: *A Fonte de Valboa, A Fontelha.*
- De procedencia xermánica: *Fredn, Sanmil.*
- Referidos a construcións humanas: *O Castro de Guitara, O Muíño de Riba, A Ponticela.*
- Camiños: *O Camiño Grande, O Camiño de Misa, O Camiño da Pendella.*
- Animais: *A Lavandeira, O Penedo da Rola.*

Algúns dos nomes recolleitos non se puideron asociar con ningún campo léxico, xa que se descoñece o seu significado e a motivación que os orixinou, é o caso de: *A Boenza, O Brexeu, O Cubelo, Luinxe.* Deseguido, ofrécese unha mostra máis detallada da microtoponimia rexistrada segundo unha clasificación semántica.

## 2.2. Tipoloxía semántica

As motivacións que orixinan os topónimos son moi variadas e para sistematizalas os estudos da onomástica ofréccennos distintas tipoloxías desde Sarmiento (1757), Piel (1979) ou Santamarina (1974). A presentación dos tipos semánticos da microtoponimia de Atán realízase de acordo coa tipoloxía establecida polo profesor Antón Palacio Sánchez (1981) para analizar a toponimia de Pantón. Pareceunos a máis axeitada porque se aplicou ó estudo toponímico do concello ó que pertence Atán e por ser unha das clasificacións más pormenorizadas, característica que nos permitiu mostrar dun xeito máis exhaustivo os tipos de topónimos que conforman o corpus recolleito. No seguinte cadro dáse conta desta clasificación.

*Achega á toponimia menor da parroquia de Atán (Santo Estevo) (Pantón - Lugo)*

### TOPONIMIA: TIPOLOXÍA

<b>OROTOPONIMIA</b> (toponimia referida ó relevo)	Topónimos relacionados coa CONSTITUCIÓN DO TERREO
	Topónimos relacionados con ROCHAS, PEDRAS...
	Topónimos relacionados con 'ELEVACIÓN' / 'DEPRESIÓN'
	Topónimos relacionados con 'CHAIRO'
	Terreos en COSTA
	COVAS e BARRANCOS
	Topónimos relacionados coa BOA VISTA
<b>FITOTOPONIMIA</b> (toponimia referida ás plantas)	Topónimos orixinados pola idea de 'BOSQUE' ou 'VEXETACIÓN abundante'
	ÁRBORES NON FROITEIRAS
	ÁRBORES FROITEIRAS
	ARBUSTOS E HERBÁCEAS
	VEXETAIS CULTIVADOS
	Cereais
	Viñedo
<b>ZOOTOPONIMIA</b> (toponimia referida ós animais)	Liño
	Horta
	Terreos de pasto
	MAMÍFEROS
	Mamíferos salvaxes
	Mamíferos domésticos
	AVES
<b>HIDROTOPONIMIA</b> (toponimia referida á auga)	Réptiles, batracios e outros
	Peixes
	Insectos
	AGUA / AUGA e derivados
	Augas estancadas
	Augas correntes
	Mananciais
<b>CLIMA</b>	As «fervenzas»
	Outros topónimos relacionados con auga
	O sol e a sombra
	O vento, a néboa, a chuvia
	O frío e a calor
	Construcións antigas
	Vivenda humana
<b>TOPÓNIMOS REFERIDOS A CONSTRUCIÓNS / EDIFICACIÓNS</b>	Agrupacións casas
	Construcións, actividade industrial e económica
	Agricultura e gandería
	Industria téxtil
	Industria do ferro
	Industria cerámica
	Outros topónimos referidos a construcións

Rut Vázquez González

<b>VÍAS DE COMUNICACIÓN</b>	Topónimos orixinados pola presenza de camiños
	Cruces de camiños
	Construcións ó longo dos camiños
	Os «pasos» nos camiños
	Topónimos orixinados por vías férreas
<b>TOPÓNIMOS RELACIONADOS COA IDEA DE 'PECHE' OU 'VALADO'</b>	
<b>TOPÓNIMOS REFERIDOS Á EXPLORACIÓN DA TERRA</b>	Topónimos con nomes de terreos de labranza
	Topónimos relacionados con labores agrícolas: queima do monte, outros labores...
	Forma dos terreos
	Calidade dos terreos
<b>TOPÓNIMOS RELACIONADOS CON INSTITUCIÓN XURÍDICAS E SOCIAIS</b>	Topónimos rel. con antigos poderes xurisdicionais da nobreza e o clero
	Institución xurídica dos foros
	Terreos de propiedade comunal
	Sinaladores de límites interxurisdicionais
	«Lugares de xogos»
<b>HAXIOTOPONIMIA</b>	Topónimos referentes a construcións e institucións relixiosas
	Topónimos con apelativos de persoas relixiosas
	Topónimos con título de santidade
	Haxiotopónimos propios
<b>ANTROTOPONIMIA LATINO-CRISTIÁ</b>	
<b>ANTROTOPONIMIA XERMÁNICA</b>	
<b>OUTROS NOMES DE POSUIDORES</b>	Topónimos que encerrán nomes de posuidores prerromanos
	Topónimos con nomes de propietarios modernos
	Topónimos con apelidos
	Topónimos con alcumes, Nomes de parentesco
	Topónimos que aluden á procedencia dos posuidores
<b>TOPÓNIMOS QUE INDICAN POSICIÓN RELATIVA</b>	Por medio de preposicións
	Por medio de adjetivos e adverbios
<b>TOPÓNIMOS ESCUROS</b>	
<b>OUTROS PUNTOS DE REFERENCIA NO TERRITORIO</b>	

Deseguido, ofrécense algúns exemplos da toponimia recolleita en Atán, de entre os tipos más frecuentes rexistrados, de acordo coa tipoloxía do cadro anterior. Cítanse os topónimos co tipo xeográfico correspondente entre parénteses, dispostos en orde alfabética e segundo a súa estrutura sintáctica, de más simples a más complexos. Tamén se inclúe unha breve explicación sobre o seu significado.

*Achega d topónimia menor da parroquia de Atán (Santo Estevo) (Pantón - Lugo)*

## 2.2.1. OROTOPONIMIA

### 2.2.1.1. Topónimos relacionados coa constitución do terreo:

- *O Barreiro* (viñedo); < *barro* ‘lama, arxila’ + *-eiro* ‘lugar onde abunda’.
- *A Lamela* (lameiros, monte); derivado de *lama* ‘barro’ + *-ela*, *lamela* ‘lugar onde hai lama; prado pequeno’. Similares: *As Lamelas* (monte, antiga terra de labranza); *O Lameiro da Lamela* (lameiro). *A Lameiriña* (monte) co sufijo *-eiro* con valor abundancial + *-iña* sufixo diminutivo.
- *Os Trulleiros* (monte); *trulleiro* ‘terreo pantanoso, moi lamacente’.

### 2.2.1.2. Topónimos relacionados con rochas, pedras:

- *O Lameiro das Laxes* (lameiro); *laxe* ‘peña de grandes dimensións que presenta forma aplanada e aflora na superficie’.
- *Os Tarreos da Pena* (monte, antiga terra de labranza); *pena* ‘pedra grande’. Tamén con Pena: *A Pena Bicuda* (peneda); *A Peniña Parda* (peneda e monte ó redor); *O Penedo da Pena Corva* (penedo); *O Penedo da Pena Grande* (penedo). Tamén con *penedo* ‘pedra de gran tamaño, maior cá peneda’: *O Penediño* (monte, viñedo).

### 2.2.1.3. Topónimos relacionados con ‘elevación’ / ‘depresión’:

- *A Cavorca* (monte, viñedo e prado); *cavorco* ‘depresión, valgada profunda na terra’.
- *A Fonte de Valboa* (fonte); < VALLE BONA(M).
- *A Regata Grande* (regata); *regata* ‘depresión nun monte ou na ladeira dun monte’; *A Regata do Val*.
- *O Serrón* (monte); aumentativo de *serra* ‘terreo montañoso’.
- *O Val* (viñedo e terra de labranza); *val* ‘depresión dunha montaña’.

### 2.2.1.4. Terreos en costa:

- *A Costa* (monte e toxeira); *costa* ‘pendente, subida’; *A Cima da Costa* (cumio do monte).

### 2.2.1.5. Covas e barrancos:

- *A Gargantiña* (monte); diminutivo de *garganta* ‘paso estreito entre dúas montañas, desfiladeiro’

Rut Vázquez González

---

## 2.2.2. FITOTOPONIMIA

### 2.2.2.1. Topónimos orixinados por idea ‘bosque’ ou ‘vexetación abundante’:

- *A Devesifa* (monte de castiñeiro); diminutivo de *devesa* ‘terreo acoutado e poboados con árbores autóctonas’. Nesta zona a devesa fai referencia tanto ós bosques de castiñeiro coma de carballos.
- *A Touza* (monte); *touza* ‘terreo sen cultivar’. Similares: *Suatouza* (monte, terra de labranza) < *su* ‘sobre’ + *a* + *touza*; *A Casa da Touza*.

### 2.2.2.2. Árbores non froiteiras:

- *O Candedo* (monte); < *cando* ‘tronco ou rama seca dunha árbore’ + *-edo* (abundancial).
- *A Carballeira* (monte); < *carball(o)* ‘árbore’ + suf. *-eira* ‘lugar onde abunda...’.
- *A Coceira* (arboredo e monte); < *cozla* ‘raíz ou cepeira de certas árbores e arbustos que se utiliza na combustión ou para facer carbón’ + *-eira* (abundancial).
- *O Loureiro* (víñedo).
- *O Piñeiro* (monte); *A Carrilleira do Piñeiro* (camiño de carro).
- *Os Olmos* (monte).
- *O Reboredo* (lameiro); *Reboredo* ‘carballeira’, sobre a base de ROBOR ‘carballo’ + *-ETUM* ‘lugar onde abunda...’. Similar: *A Regata do Reboredo* (regata).
- *A Sobreira* (víñedo e monte baixo); *sobreira* < SUBER + *-eira*; *A Carreira da Sobreira*; *O Sobredo* (terra de labranza); *sobredo* ‘sobreiral’; SUBER + *-ETUM* ‘lugar onde abunda...’.
- *O Souto* (terra de labranza); *souto* ‘lugar onde abundan os castiñeiro’.

### 2.2.2.3. Árbores froiteiras:

- *O Figueiredo* (terra de labranza); <*figueir(a)* ‘árbore froiteira’ + *-edo* (abundancial). Similar pero co sufijo abundancial *-al*: *O Figueiral* (monte).
- *As Pereiras* (víñedo). Tamén: *A Pereira Negra* (víñedo).
- *Os Tarreos da Nogueira* (monte, antiga terra de labranza).

### 2.2.2.4. Arbustos e herbáceas:

- *O Carqueixal* (víñedo); <*carqueixa* ‘arbusto’ + *-al*.
- *O Uzal* (monte); <*uz* ‘arbusto’ + *-al* (abundancial).
- *A Regata de Xestal* (regata); <*xesta* ‘arbusto das leguminosas’ + *-al* (abundancial).
- *A Xirgal* (arboredo, monte); <*sirgo* (da raposa)<sup>6</sup> ‘tipo de herba’ –coa palatalización da consoante inicial *s* > *x* – + suf. *-al* (abundancial).

Achega á toponimia menor da parroquia de Atán (Santo Estevo) (Pantón - Lugo)

### 2.2.2.5. Vexetais cultivados:

#### 2.2.2.5.1. O viñedo

- *Viñas* (viñedo); < lat. VINEA(M), derivado co sufijo diminutivo -OLA(M) > VINEOLA(M) > *Viñod* > *Viñá*, coa caída da pretónica<sup>7</sup>. Tamén con *Viña*; *A Viña Vella* (viñedo). *Viña* coma xenérico: *As Viñas do Rego* (viñedo).

### 2.2.3. ZOOTOPONIMIA

#### 2.2.3.1. Aves:

- *A Lavandeira* (monte, antigas terras de labranza e viñedo); *lavandeira* 'paxaro da familia dos motacílidos'.
- *O Penedo da Rola* (penedo); *rola* 'paxaro columbiforme'.
- *O Penedo do Cuco* (penedo e monte ó redor); *cuco* 'paxaro'. Tamén: *A Leira do Cuco* (monte).

### 2.2.4. HIDROTOPONIMIA

#### 2.2.4.1. Augas estancadas:

- *A Presa* (monte); *presa* 'construcción feita no curso dun río destinada á acumulación de auga'. Tamén se rexistraron con *Presa*: *A Carrilleira da Presa*, *O Camiño da Presa*, *O Regato da Presa*, *Os Lameiros da Presa*.
- *O Souto da Piúca* (monte); diminutivo de *pla* 'recipiente cóncavo de pedra ou doutro material, para conter líquidos' + sufijo despectivo *-uca*<sup>8</sup>.

#### 2.2.4.2. Augas correntes:

- *O Regato Pequeno* (regato); *regato* 'corrente de auga pequena'. Tamén se rexistraron topónimos cos sinónimos regueira/o: *A Regueira* (regato); *O Regato da Regueira* (regato); *O Regueiral* (monte, viñedo); *O Regato do Regueiral* (regato); < *regueira* + *-al* (abundancial). Con regueiro: *O Regueiro* (monte).

#### 2.2.4.3. Mananciais

- *Fonsagra* (monte, viñedo, prados); apócope de *fonte* ('manancial de auga que xorde da terra') en *fon-* + adxectivo cualificativo *sacra* ('sagrada') na súa forma patrimonial *sagra*.
- *A Fontalña* (regato e fonte); < *fonte* > *fonta*, con harmonización vocalica + *-iña*, sufijo diminutivo. Similares: *A Fontelña de Arriba* (lameiros); *O Carreiro da Fontelña* (camiño); *A Fontefría* (fonte); composición do substantivo *fonte* + adxectivo cualificativo *fria*.

Rut Vázquez González

- *O Fontao* (regato); < FONTANUS, -A, -UM con caída do -n- intervocálico ‘manancial de auga que xorde da terra’<sup>9</sup>.

#### 2.2.5. TOPÓNIMOS QUE ALUDEN A CONSTRUCIÓNS E EDIFICACIÓNNS

##### 2.2.5.1. Construcións antigas:

- Construcións prehistóricas, referidas a enterramentos colectivos na Idade de Bronce (megalíticas): *A Modorra* (monte); *A Mota* (monte).
- Construcións medievais: *A Pista da Torre* (pista).

#### 2.2.6. TOPÓNIMOS RELACIONADOS COA EXPLOTACIÓN DA TERRA

##### 2.2.6.1. Topónimos con nomes de terreos de labranza:

- *A Aira* (terra de labranza). Similares: *Os Tarreos da Aira* (terra de labranza).
- *O Campo* (terra de labranza, viñedo e monte). Similares: *Os Campiños* (hortas); *O Campo Novo* (monte); *O Tarreo dos Campiños do Alfonso* (terra de labranza).
- *A Cortiña* (terra de labranza e monte).
- *O Couso* (terra de labranza); ‘leira pequena’.
- *A Peza* (viñedo); *peza* ‘anaco, porción’.
- *O Lameiro do Rego* (lameiro); *rego* ‘sucu’. Similar: *As Viñas do Rego*.
- *A Seara* (viñedo).
- *O Tarreo Grande* (monte); *O Tarreo Novo* (viñedo).

##### 2.2.6.2. Topónimos relacionados con labores agrícolas: queima do monte, outros labores:

- *Os Tarreos do Palleiro* (monte, antiga terra de labranza).
- *A Burrela* (monte); variante de *borrea* ‘montón de terrones e maleza que se queima no monte’<sup>10</sup>.

#### 2.2.7. ANTROPONIMIA XERMÁNICA

- *Atán* (aldea); do nome gótico *Atta* ('pai')<sup>11</sup>.
- *Fredn* (aldea); dunha forma hipocorística visigoda \**Fredila*, -anis en acusativo \**Fredilanem*<sup>12</sup>.
- *O Camiño de Vilamirón* (camiño); forma híbrida composta por un elemento latino *VILLA* + raíz xermánica *mereis* ('célebre') latinizada en xenitivo *Mironi*<sup>13</sup>.
- *Carretera de Següln* (estrada); nome visigodo formado coas raíces *sig-* ('vitoria') e *win-* ('amigo')<sup>14</sup>.

Achega á toponimia menor da parroquia de Atán (Santo Estevo) (Pantón - Lugo)

- *O Castro de Gultara*<sup>15</sup> (monte); dun suposto antropónimo \*Witt-arius<sup>16</sup>.
- *Sanmil* (vifiedo); < xenitivo do termo común gótico \*sal(a) ('sala', 'patio') + raíz *mereis* ('célebre') latinizada en xenitivo *-miri*<sup>17</sup>.

Posuidores:

- *A Leira do Arximil* (terra de labranza); < raíz xermánica *mereis* ('célebre') latinizada en xenitivo *-miri*.

#### 2.2.9. TOPÓNIMOS ESCUROS

- *A Boenza* (monte baixo, vifiedo).
- *O Brexeu* (construccións: casas vellas).
- *O Cubelo* (monte).
- *Lutnxe* (monte).
- *O Miño* (río).
- *As Pantoneiras* (monte baixo).

#### DENOMINACIÓNS DE REFERENCIA, NON TOPÓNIMOS

- *Os tarreos da rampla*: denominación xenérica para referirse ás leiras que están ó longo da pista en costa pola que se accede á aldea de Freán.
- *Os tarreos da aldea de baixo*: denominación xenérica que fai referencia ás leiras dunha parte do lugar de Pesqueiras.
- *A corte do Amador*, *A corte do Javier*, *A corte do Recho*: denominacións xenéricas para referirse a construcións de pedra utilizadas para gardar os animais, produtos agrícolas ou ferramentas de labranza.
- *A entrada do pueblo*.

#### Conclusións

Polo exposto no apartado anterior vemos que a toponimia menor da parroquia de Atán describe o medio físico e a actividade humana do territorio. Por iso, os topónimos referidos ó relevo, á vexetación e á explotación agrícola son os más abundantes dentro do corpus recolleito. Deste xeito, confírmase que a xeografía, o medio físico e a actividade humana están intimamente relacionados cos nomes de lugar.

A mostra de toponimia recolleita debería completar a súa descripción co apoio nas fontes documentais. Documentos coma *O Catastro do Marqués de Ensenada*, documentos medievais, os foros das aldeas ou documentos privados resultan ferramentas imprescindibles para un coñecemento fondo da motivación e a historia dos topónimos rexistrados.

A situación actual do ámbito da parroquia analizada: perda e envellecemento da poboación fai que a toponimia menor corra o risco de desaparecer, xa que os más

Rut Vázquez González

novos descofiecen o nome de moitos lugares. Urxe realizar a recolleita deste patrimonio, se se quere asegurar a súa pervivencia. Sarmiento, fundador dos estudos onomásticos e lingüísticos galegos, xa advertía desta necesidade en 1757, no seu *Onomástico etimológico de la lengua gallega*:

Estos inventariadores dichos<sup>18</sup> debieron hacer un inventario de lo que Dios habrá criado en Galicia, de todos los sitios geográficos, de todas las voces gallegas, y de todas las antigullas visibles que se encontrasen<sup>19</sup>.

A valoración deste patrimonio lingüístico só se conseguirá a través da súa normalización, para o que se precisa da súa difusión coa forma galega na cartografía, a rotulación e en todos os ámbitos ós que se aplique a toponimia.

#### BIBLIOGRAFÍA

- Carballeira Anllo, X. M.<sup>a</sup> (coord.) (2000), *Gran diccionario Xerais da lingua*. Vigo: Xerais.
- Gran enciclopedia gallega* (1974). 30 vol. Gijón: Silverio Cañada.
- Instituto Nacional de Estadística (INE) (1997), *Lugo. Nomenclátor de las ciudades, villas, lugares, aldeas y demás entidades de población con su especificación de sus núcleos*. Madrid: INE.
- Instituto Nacional de Estadística (INE) (1992), *Lugo. Nomenclátor de las ciudades, villas, lugares, aldeas y demás entidades de población con su especificación de sus núcleos*. Madrid: INE.
- Metodología e guía de orientación para a recolleita de información topográfica*. Proxecto Toponimia de Galicia. Inédito<sup>20</sup>.
- Palacio Sánchez, José Antonio (1981), *Toponimia del ayuntamiento de Pantón (Lugo)*, Tese de doutoramento, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Piel, Joseph M. (1979), «Considerações gerais sobre topónimia e antropónimia galegas». Verba (Santiago de Compostela) Vol. 6, pp. 5-11.
- Santamarina Fernández, A. (1974), Voz «Toponimia» en *Gran Enciclopedia Gallega*. Gijón: Silverio Cañada.
- Sarmiento, Fr. M. (1999), *Onomástico etimológico de la lengua gallega*. Edición e estudio de J. L. Pensado. A Coruña: Fundación Barrié de la Maza.
- Terrado Pablo, J. (1999), *Metodología de la investigación en topografía*. Ed. de autor. Zaragoza: Javier Terrado Pablo.

Achega á toponimia menor da parroquia de Atán (Santo Estevo) (Pantón - Lugo)

NOTAS

1. Todas estas parroquias pertencen ó mesmo concello, Pantón.
2. Rexistráronse tamén outros topónimos indicadores de habitamento prehistórico como *O Castro de Gustara / dos Mouros* en terreos do monte de Gustara (lugar da parroquia de Eiré) limístros co monte de Pesqueiras (Atán).
3. Mapa cedido polo SITGA (Sistema de Información Territorial de Galicia), S.A. de Desenvolvemento Comarcal de Galicia.
4. Segundo os modelos de ficha do Proxecto Toponimia de Galicia, con adaptacóns para o noso traballo.
5. Timbre das vogais tónicas de grao medio *e, o*, gheada e rotacismo.
6. Prado onde nace bastante auga e hai boa herba para pastar o gando.
7. Segundo Palacio (1981:320).
8. Palacio (1981:337).
9. Procedencia segundo Palacio (1981:430).
10. Procedencia segundo Palacio (1981:464).
11. Procedencia segundo Palacio (1981:660).
12. Palacio (1981:825).
13. Palacio (1981:813).
14. Palacio (1981:839).
15. Palacio (1981:853).
16. Tamén chamado *O Castro dos Mouros*.
17. Procedencia segundo Palacio (1981:833).
18. Procedencia segundo Palacio (1981:852)
19. Refírese ós funcionarios da administración de Facenda casteláns.
20. Pensado (1999:109, vol. II).
21. Manual de uso interno do Proxecto Toponimia de Galicia.